



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º _____	Rt.º _____
-----------	------------

Asistentes:
Presidente: Ilmo. Sr. D. Manuel Landeiro
Piñeiro (Vicepresidente).

Vocales:
Don José Vázquez Alvarez.
Don José Casal Pereira.
Don Ricardo García Borregón.
Don Pedro Rial López.
Don José Luis de la Torre Nieto.

Vocales Montes:
Don Manuel J. Sobral Lourido.

Secretario:
Don Manuel Ezquieta Fernández.

---oOo---

En la Ciudad de

Pontevedra, siendo las die-

ciocho horas del día vein-

tiseis de mayo de mil nove-

cientos ochenta y dos, con asistencia de los señores que al margen se

expresan, se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano

Común, con objeto de estudiar la clasificación del monte que se indi-

ca, sito en el término municipal de S O T O M A Y O R, y

.../...

GUBIERNO CIVIL
de
PONTEVEDRA

N.º _____ Rf.º 5-11-2

E/F/E. JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

Excmo. Sr.:

RESULTANDO: Que por la administración forestal han sido realizados expedientes de investigación de los montes radicados en el Ayuntamiento de Sotomayor, entre los que figura el denominado Coto bad y Castrillón que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: COTOBAD Y CASTRILLON.

Cabida: 94 Has.

Límite:

Norte: Río Oitavén.

Este: Término y montes de Aranza.

Sur: Término municipal de Pazos de Borbén.

Oeste: Término de Moreira, Lourido, Val y Sobrál.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 7 de mayo de 1979, se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 16 montes radicados en el Ayuntamiento de Sotomayor.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Redondela la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente propuesta.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Sotomayor, así como a todos los vecinos interesados en en la clasificación del monte, y que se publicó a estos efectos en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 114 de fecha 19 de mayo de 1979, concediéndose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que el Ayuntamiento de Sotomayor, se ha personado en el expediente haciendo constar que por acuerdo del pleno de la Corporación de fecha 8 de agosto, esta se pronuncia en el sentido de que los montes sitos en el Ayuntamiento se clasifiquen como de mano común.

RESULTANDO: Que la Cámara Agraria Local de Sotomayor no se personó en el expediente.

RESULTANDO: Que la Asociación de Vecinos "O Castelo" de Sotomayor se personó en el expediente aportando: a) datos sobre los montes de la parroquia en cuanto a nombres y linderos. b) Copias de los documentos que obran en el Archivo Histórico, como son el Libro Real de Legos y la relación de montes exceptuados de la desamortización en la que se consignan los de las parroquias de Arco de y Sotomayor, con expresión de los nombres por los que son conocidos. Esta Asociación interesa que se clasifique como de la parroquia de Sotomayor el monte denominado Silvoso, y que los montes se adjudiquen por parroquias para que posteriormente la Junta Vecinal haga el reparto por lugares.

RESULTANDO: Que el monte objeto de esta propuesta es ya inscrito en el Registro de la Propiedad a favor del Ayuntamiento.

**GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA**

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º _____

Rf.º 5-11-2

RESULTANDO: Que el monte está catalogado como de Utilidad Pública.

RESULTANDO: Que en sesión del Jurado de fecha 22 de noviembre de 1979 se aplazó la resolución de este expediente ante dudas surgidas con los linderos.

V I S T O S: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 11 de noviembre de 1980 y el Reglamento para su aplicación en lo que no se oponga a esta Ley; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 11 de noviembre de 1980 de Montes Vecinales en Mano Común, incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengán aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que en la relación de montes de la provincia de Pontevedra del año 1847, figuran los de las parroquias de ~~Sotomayor~~ como de propiedad del común de vecinos.

CONSIDERANDO: Que el artículo 2 de la misma Ley de Montes Vecinales establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondientes registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que en el propio catálogo de montes de la provincia, la titularidad se atribuyó a las parroquias correspondientes.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad, existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anomalía, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º _____

Rf.º 5-11-2

reconocidas a la Administración, 1 to en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos con sujeción al régimen jurídico que establecen los artículos 2 al 7 de la Ley citada, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

CONSIDERANDO: Que la petición de los vecinos de dividir los montes por la Junta Vecinal asignando el correspondiente a cada lugar crearía problemas al ser asignada la clasificación a la parroquia, mientras que podría perfeccionarse la clasificación con los oportunos deslindes a cargo de la Administración.

CONSIDERANDO: Que de momento no es posible precisar con más exactitud los linderos de los montes.

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acuerda

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMUN EL MONTE DENOMINADO MONTES DE COTOBAD Y CASTRILLON

TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL PRIMER RESULTANDO DE ESTA RESOLUCION, COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE CORTELLAS Y LOURIDO DE LA PARROQUIA DE SOTOMAYOR DEL TERMINO MUNICIPAL DE SOTOMAYOR, POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS POR EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.

La presente RESOLUCION podrá ser impugnada ante la Jurisdicción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESOLUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.

Término de Fornelos de Montes

PO 53 25 1


Término de Pte.-Caldelas

Término de Borden de pozos

Término de Meixueiro

Ciara local de Arcade a Amosedo

Término de Redondela





Ana Belén Fernández Dopazo, secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, certifico que :

En sesión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra que tivo lugar o día 14/06/2022, no punto 5º-1 da orde do día, deuse conta para a toma de razón do deslinde xudicial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Chan do Coello Lourido Soutomaioir (no Rexistro de montes veciñais en man común (RMVMC) CMVMC de Lourido) e Cotobade-Castrillón (no RMVMC Cortellas- Lourido) no concello de Soutomaioir Expd: PO-DESC-06/17

Consta no expediente de deslindamento o Auto 83/15 do Xulgado de Primeira instancia e instrución núm.2 de Redondela recaído no Procedemento ordinario 00496/2014, de 20 de abril de 2015, de homologación de transacción solicitada por las partes . En data do 12 de xuño de 2017 a letrada da Administración de Xustiza dese xulgado emite certificado de firmeza do Auto.

A liña de deslinde aprobada vía xudicial está composta polos seguintes puntos:

Punto 1	- x:537.110,65	y:4.686.159,54
Punto 2	- x:537.178,27	y:4.686.284,21
Punto 3	- x:537.024,20	y:4.686.468,96
Punto 4	- x: 537.027,77	y:4.686.484,04
Punto 5	- x:537.083,25	y:4.686.625,62
Punto 6-	x:536.995,70	y:4.686.648,00

Representados no informe de validación catastral: CSV: PHPB16MXHYB7J187

E para que conste, ós efectos oportunos, expídese a presente certificación

Vº e prace:

Presidente do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común

Antonio Crespo Iglesias





Para os efectos previstos na Disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dásele publicidade ao acordo acadado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2024, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada dos montes veciñais denominados "Monte Cotobade e Castrillón" da Comunidade de Montes Veciñais en man Común de Cortellas e Lourido, no concello de Soutomaior (Expediente: RE22008).

O 01.12.2023 o Servizo de Montes desta Xefatura Territorial emite o seguinte informe:

"Feitos:

Primeiro. O 02.09.2022 e número 2022/2179324 a Comunidade de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) de Cortellas e Lourido solicita a revisión do esbozo do monte "Cotobade e Castrillón". A dita solicitude deu lugar a apertura do expediente RE22008. Consta no expediente:

- Memoria técnica da revisión do esbozo do monte Cotobade e Castrillón de agosto do 2022. Asinada pola enxeñeira forestal núm.908 do COETFG e modificada o 08.05.23.
- Certificado do secretario coa conformidade do presidente da CMVMC de Cortellas e Lourido do 17.11.23 da aprobación en asemblea do 11.09.22.
- Cartografía en formato dixital.

Segundo a memoria técnica levouse a cabo un levantamento topográfico das parcelas con GPS de precisión centimétrica no que se percorreu todo o perímetro con varios membros da xunta reitora, durante o percorrido detectaron mollóns de todo o perímetro e encravado, a maior parte do perímetro está delimitado por muros que o separan das propiedades privadas. Existe un levantamento topográfico do ano 1886 e deslinde coa CMVMC de Lourido tramitado e aprobado consonte o artigo 53 da Lei 7/2012 de montes de Galicia. A CMVMC de Cortellas e Lourido na memoria asinada polo técnico competente en materia forestal achega documentación suficiente que acredita a proposta da revisión do esbozo.

Segundo. O obxecto da revisión do esbozo é o MVMC denominado Monte Cotobade e Castrillón co ID 3153. A superficie inicial clasificada é de 94 has.

Segundo os datos do Sistema Rexistral Forestal non consta superficie de xestión pública, constan dúas expropiacións para o gasoduto (0,07 has) e para a instalación dunha antena (3 m²). Asemade, dispón dun instrumento de ordenación inscrito no Rexistro público de montes ordenados de Galicia co número 3600271.

A superficie total da revisión do esbozo achegada é de 75,00 has e un perímetro revisado con propietarios particulares de 12.948 m, segundo a proposta de revisión





do esbozo achegada e o indicado na memoria técnica queda definido do seguinte xeito:

Monte: Cavada de Estévez

Superficie: 10,72 has

Perímetro: 1.999 m

Linde Sur: predios particulares.

Linde Norte: MVMC de Aranza.

Linde Leste: predios particulares.

Linde Oeste: predios particulares.

Monte: Castrillón

Superficie: 64,28 has

Perímetro: 10.949 m

Linde Sur: predios particulares

Linde Norte: predios particulares

Linde Leste: predios particulares

Linde Oeste: MVMC Chan do Coello e predios particulares.

Terceiro. O 30.11.2022, o Xurado provincial de MVMC de Pontevedra acorda solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Cortellas e Lourido (Soutomaior), Exped.: RE22008, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño de 2012, de montes de Galicia.

Consideracións Legais e Técnicas

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en adiante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

<1. Os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exixen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión total ou parcial, axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no rexistro da propiedade.

2. Para estes efectos, o xurado provincial de montes veciñais en man común, de oficio ou por instancia de parte, poderá solicitar á Administración forestal unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal en man





común. Na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no rexistro da propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á comunidade veciñal de montes.

3. Unha vez aceptada a proposta polo xurado, poñerase en coñecemento da comunidade propietaria e publicarase no Diario Oficial de Galicia para o resto de posibles interesados.

4. Aceptada a revisión, poderase proceder á marcaxe dos montes veciñais, que en todo caso se axustará ao plano que resulte da dita revisión. A marcaxe poderá ser realizada de oficio pola propia Administración forestal ou por instancia das comunidades propietarias.

5. Se durante a revisión ou a marcaxe se suscitan cuestións relativas á propiedade, poñerase fin ao procedemento, dentro do perímetro cuestionado, sen máis trámites. Este acordo de finalización e arquivo parcial do procedemento non será susceptible de impugnación na vía administrativa, sen prexuízo da facultade dos interesados de acudir á vía xurisdiccional civil, por ser esta a competente para dirimir tal controversia.>

Segunda. A revisión do esbozo dos montes Cotobade e Castrillón proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola CMVMC de Cortellas e Lourido e queda definido consonte os datos reflectidos no feito segundo, e a documentación achegada."

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo dos montes veciñais denominados Cotobade e Castrillón e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este Xurado por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:


Aprobar a revisión do esbozo dos montes veciñais denominados Cotobade e Castrillón clasificados a prol da CMVMC de Cortellas e Lourido (Soutomaior), segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada polo mesmo.

Antonio Crespo Iglesias

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común
de Pontevedra

sinatura dixital





Monte: Cavada de Estévez
Superficie: 10,72 ha.

Cortellas

PO-DESC-06/17

Monte: Castrillón
Superficie: 64,28 ha.

Asinado por: CRESPO IGLESIAS, ANTONIO
Cargo: Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Vecinais con Man Común
Data e hora: 14/01/2024 15:05:37

CVE: LcuIT0povDwa8
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 19 de abril de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución do acordo de revisión do esbozo do monte veciñal denominado monte Cotobade e Castrillón da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cortellas e Lourido, no concello de Soutomaior (expediente RE22008).

Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade ao acordo acadado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2024, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal denominado monte Cotobade e Castrillón da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cortellas e Lourido, no concello de Soutomaior (expediente RE22008).

O 1.12.2023, o Servizo de Montes desta xefatura territorial emite o seguinte informe:

«Feitos:

Primeiro. O 2.9.2022 e número 2022/2179324, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Cortellas e Lourido solicita a revisión do esbozo do monte veciñal Cotobade e Castrillón. A dita solicitude deu lugar á apertura do expediente RE22008. Consta no expediente:

– Memoria técnica da revisión do esbozo do monte Cotobade e Castrillón de agosto de 2022. Asinada pola enxeñeira forestal núm. 908 do COETFG e modificada o 8.5.2023.

– Certificado do secretario coa conformidade do presidente da CMVMC de Cortellas e Lourido do 17.11.2023 da aprobación na Asemblea do 11.9.2022.

– Cartografía en formato dixital.

Segundo a memoria técnica levouse a cabo un levantamento topográfico das parcelas con GPS de precisión centimétrica en que se percorreu todo o perímetro con varios membros da xunta reitora, durante o percorrido detectaron mollóns de todo o perímetro e enca-



vado, a maior parte do perímetro está delimitado por muros que o separan das propiedades privadas. Existe un levantamento topográfico do ano 1886 e deslinde coa CMVMC de Lourido tramitado e aprobado consonte o artigo 53 da Lei 7/2012 de montes de Galicia. A CMVMC de Cortellas e Lourido na memoria asinada polo técnico competente en materia forestal achega documentación suficiente que acredita a proposta da revisión do esbozo.

Segundo. O obxecto da revisión do esbozo é o MVMC denominado monte Cotobade e Castrillón co ID 3153. A superficie inicial clasificada é de 94 ha.

Segundo os datos do Sistema rexistral forestal non consta superficie de xestión pública, constan dúas expropiacións para o gasoduto (0,07 has) e para a instalación dunha antena (3 m²). Asemade, dispón dun instrumento de ordenación inscrito no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia co número 3600271.

A superficie total da revisión do esbozo achegada é de 75,00 ha e un perímetro revisado con propietarios particulares de 12.948 m, segundo a proposta de revisión do esbozo achegada e o indicado na memoria técnica queda definido do seguinte xeito:

Monte: Cavada de Estévez.

Superficie: 10,72 ha.

Perímetro: 1.999 m.

Linde sur: predios particulares.

Linde norte: MVMC de Aranza.

Linde leste: predios particulares.

Linde oeste: predios particulares.

Monte: Castrillón.

Superficie: 64,28 ha.

Perímetro: 10.949 m.

Linde sur: predios particulares.



Linde norte: predios particulares.

Linde leste: predios particulares.

Linde oeste: MVMC Chan do Coello e predios particulares.

Terceiro. O 30.11.2022, o Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra acorda solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Cortellas e Lourido (Soutomaior), expediente RE22008, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Consideracións legais e técnicas.

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en diante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

1. Os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exigen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión total ou parcial, axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

2. Para estes efectos, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, de oficio ou por instancia de parte, poderá solicitar á Administración forestal unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal en man común. Na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no Rexistro da Propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á comunidade veciñal de montes.

3. Unha vez aceptada a proposta polo xurado, poñerase en coñecemento da comunidade propietaria e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* para o resto de posibles interesados.

4. Aceptada a revisión, poderase proceder á marcaxe dos montes veciñais, que, en todo caso, se axustará ao plano que resulte da dita revisión. A marcaxe poderá ser realizada de oficio pola propia Administración forestal ou por instancia das comunidades propietarias.



5. Se durante a revisión ou a marcaxe se suscitan cuestións relativas á propiedade, poñerase fin ao procedemento, dentro do perímetro cuestionado, sen máis trámites. Este acordo de finalización e arquivamento parcial do procedemento non será susceptible de impugnación na vía administrativa, sen prexuízo da facultade dos interesados de acudir á vía xurisdiccional civil, por ser esta a competente para dirimir tal controversia.

Segunda. A revisión do esbozo do monte Cotobade e Castrillón proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola CMVMC de Cortellas e Lourido e queda definido consonte os datos reflectidos no feito segundo e a documentación achegada».

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal denominado Cotobade e Castrillón e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este xurado por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo do monte veciñal denominado Cotobade e Castrillón clasificado a prol da CMVMC de Cortellas e Lourido (Soutomaior), segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada polo mesmo.

Pontevedra, 19 de abril de 2024

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra



537000

537500

538000

Monte: Cavada de Estévez
Superficie: 10,72 ha.

Cortellas

PO-DESC-06/17

Monte: Castrillón
Superficie: 64,28 ha.

537000

537500

538000

4687000

4686500

4686000

4685500

4687000

4686500

4686000

4685500

CVE: LcuITopovDwa8
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Escala 1:6.000 (etrs-89)

Xaneiro-2024

REVISIÓN ESBOZO Expte: RE22008
ID 3153- Monte Cotobade e Castrillón
ID 2940-Pertenza Cortellas e Lourido

CMVMC de Cortellas - Lourido
Concello de Soutomaior



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dep. Territorial de Pontevedra
Servizo de Montes